

PROXECTO COLECTIVO

“MELLORA CO-XESTIÓN DOS RECURSOS BIOLÓXICOS MARIÑOS E DO SEU ESTADO MEDIOAMBIENTAL 2024-2025”

**Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70% e a
Comunidade Autónoma nun 30%.**

Programa para España 2021-2027

**Prioridade 1, O.E. 1.6 – medida 161
OIX: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro**

Período de execución 01 de xullo de 2024 – 30 de xuño de 2025.

O proxecto “Mellora da co-xestión dos recursos biolóxicos mariños e do seu estado medioambiental 2024-2025” preséntase ao abeiro da Orde do 2 de outubro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2024, en réxime de concorrencia competitiva, axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), que contribúan a reforzar a xestión dos recursos da pesca costeira artesanal para garantir unha actividade económica, social e ambientalmente sustentable (código de procedemento PE209P), con resolución de concesión dunha axuda pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro en decembro de 2024, encadrábase no apartado 1 do artigo 6. Proxectos obxecto de subvención da Orde reguladora, e establecíase como **obxectivos**:

- **Principais:** Mellora da xestión técnica dos recursos mariños explotados e os hábitats costeiros da Comunidade Autónoma de Galicia que aumenten a súa sustentabilidade a longo prazo.

Orientación para o aumento da toma de conciencia por parte do sector sobre a explotación responsábel e sostíbel dos recursos e a necesidade de xestión responsábel dos mesmos.

- **Específicos:** Asesoramento e seguimento técnico.

Asesoramento, información, formación e reciclaxe ao sector.

Seguimento das zonas de interese mariño para o sector.

Sensibilización medioambiental/Protección dos ecosistemas.

Os **resultados** obtidos pola execución das actividades explicadas na memoria técnica do Proxecto, son satisfactorios en canto ao cumprimento dos seus obxectivos principais e específicos xa que no período no que se desenvolveu foi posíbel aumentar a sustentabilidade a longo prazo dos recursos mariños e tamén a conciencia por parte do sector sobre a importancia dunha explotación responsábel e sostíbel dos recursos.

Actividades executadas	Resultados
1.1	Normativa actualizada sobre a xestión do polbo (<i>Octopus vulgaris</i>). Avaliación sobre o estado dos recursos. Apoio con informes técnicos ás propostas do sector.
1.2	Normativa actualizada sobre a xestión de centola (<i>Maja brachydactyla</i>) e boi (<i>Cancer pagurus</i>). Avaliación sobre o estado dos recursos. Apoio con informes técnicos ás propostas do sector.

1.3	<p>Normativa actualizada sobre a xestión de nécora (<i>Necora puber</i>) e camarón (<i>Palaemon spp.</i>).</p> <p>Avaliación sobre o estado dos recurso.</p> <p>Apoio con informes técnicos ás propostas do sector.</p>
1.4	<p>Normativa actualizada sobre a xestión da sardiña (<i>Sardina pilchardus</i>).</p> <p>Avaliación sobre o estado dos recurso.</p> <p>Apoio con informes técnicos ás propostas do sector.</p> <p>Divulgación de contidos relacionados co recurso, resolución de dúbidas e consultas do sector.</p>
1.5	<p>Mellora participativa e de información.</p> <p>Avaliación sobre o estado dos recursos.</p> <p>Apoio con informes técnicos ás propostas do sector.</p> <p>Divulgación de contidos relacionados co recurso, resolución de dúbidas e consultas do sector.</p>
1.6	<p>Avaliación sobre o estado dos recursos.</p> <p>Apoio con informes técnicos ás propostas do sector.</p>
1.7	<p>Mellora participativa e de información.</p> <p>Avaliación sobre o estado dos recursos.</p> <p>Informes de impacto do sistema TACs e cotas na frota artesanal de Galicia.</p> <p>Mellora da xestión de xarda (<i>Scomber scombrus</i>) no ámbito galego.</p> <p>Procura de alternativas para o sector artesanal da pesca.</p> <p>Divulgación de contidos relacionados co recurso, resolución de dúbidas e consultas do sector.</p>
1.8	<p>Mellora participativa e de información.</p> <p>Avaliación sobre o estado dos recursos.</p> <p>Divulgación de contidos, resolución de dúbidas e consultas do sector.</p>
1.9	<p>Mellora participativa e de información.</p> <p>Avaliación sobre o estado dos recursos.</p> <p>Divulgación de contidos relacionados co recurso, resolución de dúbidas e consultas do sector.</p>
1.10	<p>Mellora participativa e de información.</p> <p>Avaliación sobre o estado dos recursos.</p> <p>Divulgación de contidos relacionados co recurso, resolución de dúbidas e consultas do sector.</p>
2.1	<p>Documentación e información sobre os recursos nas reunións.</p> <p>Actualización da información e normativa.</p> <p>Mellora da vixilancia no sector pesqueiro e marisqueiro.</p> <p>Mellora do coñecemento sobre o medio mariño e a pesca dende un punto de vista de conservación e sustentabilidade.</p>
2.2	<p>Divulgación e concienciación sobre os problemas medioambientais na pesca e no mar.</p> <p>Documentación e información sobre os recursos nas reunións.</p> <p>Actualización da información e normativa.</p> <p>Mellora da vixilancia no sector pesqueiro e marisqueiro.</p> <p>Mellora do coñecemento sobre o medio mariño e a pesca dende un punto de vista de conservación e sustentabilidade.</p>

2.3	Mellora do coñecemento sobre o medio mariño e a pesca dende un punto de vista de conservación e sustentabilidade. Divulgación e concienciación sobre os problemas medioambientais na pesca e no mar. Documentación e información sobre os recursos nas reunións. Actualización da información e normativa
2.4	Mellora do coñecemento sobre o medio mariño e a pesca dende un punto de vista de conservación e sustentabilidade.

O **orzamento** total do Proxecto foi de 26.340,45€ repartidos en 13.170,21€ na anualidade 2024 e 13.170,24€ na anualidade 2025.

A **financiación** proveu nun **70% do Fondo europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA)** dentro da súa prioridade 1: Fomentar a pesca sustentable e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos; obxectivo específico 1.1: Reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e ambientalmente sustentables; tipo de actividade 1.1.1-Xestión sustentable dos recursos pesqueiros; e nun **30 % por fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia**.